



DEPARTAMENTO DE CANTO
ESPECIALIDADE CANTO

**MATERIA: LINGUAS EXTRANXEIRAS APLICADAS O CANTO:
ITALIANO, ALEMÁN, FRANCÉS E INGLÉS**

INTRODUCCIÓN

Música e texto van unidos íntimamente no canto. O estudo destas linguas, fundamentais para o canto, permitiranos un achegamento e comprensión das mesmas que beneficiará á interpretación vocal do alumno.

Poderíamos distinguir no canto catro aspectos diferentes:

- Texto
- Interpretación
- Música
- Uso dos órganos fonadores combinados coa colocación do son vocal.

O texto será o principal obxectivo nestas materias, aínda que sen deixar de lado os outros tres. Un texto correctamente pronunciado sen entender o que se di impedirá unha correcta interpretación, e sen ésta o texto non posúe vida. Texto e interpretación aplicaranse á música, a cal necesitará dunha correcta colocación da voz e da expresión corporal.

Para transmitir unha mensaxe é necesario previamente comprendela, e posteriormente facela chegar ó receptor dun xeito claro e intelixible. De aí xorde:

1. Unha necesidade de entender o texto (para podelo comunicar con pleno sentido)
2. Unha obriga de expresar ese texto correctamente, no sentido da articulación, pronunciación e acentuación. Ademais, algúns fonemas, pola súa especial sonoridade, provocan efectos musicais que poden influir na expresión.

O primeiro punto lévanos, ineludiblemente, a un achegamento ó vocabulario e á gramática da lingua, que se realizará sempre que sexa posible relacionándoos con aspectos do canto e da música en xeral. Pero de nada nos serve coñecer o vocabulario e dominar a gramática, se a pronunciación é tan defectuosa que impide a correcta comprensión do texto. Unha boa pronunciación é a máxima e imprescindible esixencia dunha correcta comprensión.

A meta principal no Grao Medio era a fonética, conseguir unha pronunciación perfecta (ademais da adquisición dunha base xeral desta lingua). O Grao Superior, sen embargo, non poderá abandonar o traballo sobre a fonética e a práctica da pronunciación aínda que se orientara en especial á tradución e ao estudo da música vocal propia de cada idioma.



DEPARTAMENTO DE CANTO
ESPECIALIDADE CANTO

**MATERIA: LINGUAS EXTRANXEIRAS APLICADAS O CANTO:
ITALIANO, ALEMÁN, FRANCÉS E INGLÉS**

A tradución dos diversos idiomas que traballaremos no Grao Superior conlevan unha triple dificultade:

- Teñen unha estrutura diferente á da lingua española, no caso do alemán e do inglés moito máis diferente que nas linguas italiana e francesa por ser de orixe románica como o español.
- É moitas veces poesía, o cal ten os seus problemas específicos.
- En moitas ocasións atopámonos con a lingua antiga.

Haberá que ter en conta que tanto o italiano como o alemán impartiranse ó longo de dous cursos, en clases de 90 minutos semanais, dado a dimensión do repertorio vocal composto nestas linguas. En cambio os idiomas francés e inglés impartiranse ó longo dun curso cada un, en clases de 60 minutos á semana.

OBXECTIVOS

Ademáis dos obxectivos xa mencionados no grao medio, no grao superior perseguiremos:

- Ser capaz de producir, reproducir e comprender mensaxes orais sinxelas.
- Coñecer a música vocal propia de cada unha das linguas e poder entender o sentido xeral de calquera texto referente a dita música.
- Acadar unha formación práctica e teórica completa.
- Profundar na materia orientada a crear un completo profesional do canto.
- Estudar o idioma estranxeiro en cuestión, e a súa aplicación ó canto: aspectos prosódicos, fonolóxicos e fonéticos.
- Profundar nos coñecementos gramaticais que permitan comprender a estrutura do idioma.
- Comprender a importancia do coñecemento e análise dos textos poéticos e dramáticos utilizados na composición musical ó longo da historia.

CONTIDOS

- Comprensión xeral, reprodución e produción de mensaxes orais.
- Estudo da música vocal propia de cada unha das linguas
- Profundización do estudo do son, do acento das palabras e da entoación na frase.
- Uso de todo tipo de repertorio de canto para a asimilación da lingua.
- Comprensión xeral dos textos do curso e coñecemento do seu contexto histórico, cultural e artístico.
- En gramática se profundizarán e ampliarán os contidos estudados en Gº Medio.



DEPARTAMENTO DE CANTO
ESPECIALIDADE CANTO

**MATERIA: LINGUAS EXTRANXEIRAS APLICADAS O CANTO:
ITALIANO, ALEMÁN, FRANCÉS E INGLÉS**

METODOLOXÍA

Para a estudio da fonética empregaremos os exercicios de transcripción fonética, a lectura e o dictado.

A metodoloxía de aprendizaxe da **gramática** será en “espiral”, ou sexa, ao longo do curso iranse ampliando os aspectos xa iniciados nos cursos anteriores.

A metodoloxía na adquisición do **vocabulario** será “acumulativa”, vai aumentando con cada novo texto que se traballa. Ademais aprenderán a deducir unhas palabras doutras xa coñecidas, e relacionar as palabras duns idiomas coas doutros, co cal acelerarase o proceso de adquisición de novas palabras.

O estudo do **texto** das obras realizarase mediante unha metodoloxía “acumulativa” (verase un logo doutro). As fases de traballo serán:

1. Lectura do texto
2. Tradución con axuda dun dicionario
3. Interpretación
4. Memorización
5. Unión de texto e música

Audicións e exercicios serán complementos moi útiles para a asimilación da fonética, gramática, vocabulario e textos.

Coas **Traducións** irase adquirindo novo vocabulario e asimilando os contidos gramaticais, ademais de ser un bo medio para coñecer textos que o alumno quizás non cante pero que amplíen a súa cultura musical.

RECURSOS DIDÁCTICOS E MATERIAIS

-Aula de acordo ás necesidades da materia. Pizarra, equipo de música, televisión e vídeo, e piano.

-Arquivo de partituras de canto e libros didácticos.

-Diccionarios bilingües.

-Diccionarios de fonética.



DEPARTAMENTO DE CANTO
ESPECIALIDADE CANTO

**MATERIA: LINGUAS EXTRANXEIRAS APLICADAS O CANTO:
ITALIANO, ALEMÁN, FRANCÉS E INGLÉS**

TEMPORALIZACIÓN

O horario consta de 1 hora e media semanal, impartida nunha única clase, para as linguas alemana e italiana; no caso das linguas francesa e inglesa será dunha hora semanal. O tempo de cada clase repartirase no traballo de:

- Fonética (repaso)
- Gramática
- Textos: traducións e lecturas
- Audicións e exercicios

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

A asistencia ás clases e a participación nelas, no estudo dunha lingua estranxeira, é unha condición indispensable para mellorar as capacidades e coñecementos dunha forma progresiva. Farase, polo tanto, unha avaliación continua.

Ó longo do curso avaliarase a participación activa e o traballo que o alumno realiza en clase. Os exames realizados ao final de cada trimestre o cuadrimestre de forma estruturada permiten unha avaliación máis concreta e verificable do seu avance.

Os criterios de avaliación serán os seguintes:

1. Emitir correctamente breves contidos orais no idioma estranxeiro. Preténdese avaliar a capacidade de comprensión do alumno nestas linguas.
2. Ler de xeito autónomo un texto literario musical na lingua estranxeira. Preténdese avaliar a capacidades de relacionar os coñecementos do idioma co contido e tratamento musical.
3. Comentar fonéticamente textos de partituras. Preténdese avaliar a capacidades do alumno para aplicar de xeito autónomo os coñecementos fonéticos da interpretación musical,
4. Cantar de memoria pronunciando correctamente o texto das partituras do repertorio do alumno. Preténdese avaliar o dominio do alumno en relación coas destreza fonéticas adquiridas.
5. Memorizar textos breves pertencentes ás obras musicais. Preténdese avaliar a capacidade de integrar o texto coa obra musical.

Sistema de cualificación.

Valorarase o progreso individual de cada alumno, tomando como referencia a súa situación inicial e o traballo semanal desenvolvido.



DEPARTAMENTO DE CANTO
ESPECIALIDADE CANTO

**MATERIA: LINGUAS EXTRANXEIRAS APLICADAS O CANTO:
ITALIANO, ALEMÁN, FRANCÉS E INGLÉS**

Os **aspectos a avaliar** serán:

- Asistencia a clase.
- Participación activa durante o desenvolvemento das sesións: grado de interese e colaboración.
- Progresión nos diversos exercicios de clase.
- Progresión na aplicación ó canto dos aspectos prosódicos, fonolóxicos e fonéticos do idioma.
- Adquisicións dos conceptos teóricos.
- Realización de traballos de transcripción e traducción dos textos.

En liñas xerais, o sistema de cualificación será o seguinte:

- O 40% da nota corresponderá á mellora no rendemento e consecución dos obxectivos preestablecidos.
- Un 20% da nota, á parte teórica da materia.
- Un 20% á participación individual, é dicir, á actitude positiva, afán de superación, grao de colaboración, adquisición de hábitos vocais saudables, etc.
- O 20% restante, á asistencia a clase.

Avaliación dos alumnos que pola falta de asistencia ás clases perdan o dereito á avaliación continua.

Aqueles alumnos que perdan o dereito a avaliación continua, poderán realizar unha avaliación final no mes de xuño, seguindo os criterios expostos máis arriba. Deberán así mesmo entregar o traballo de transcripción e traducción de textos acordado previamente co profesor da materia. A proba terá dúas partes, unha parte teórica mediante un exame escrito nos que o alumno deberá amosar o coñecemento dos contidos recollidos na programación e unha parte práctica que consistirá en cantar tres cancións no idioma correspondente, interpretadas de memoria.

Exame de setembro.

Aqueles alumnos que non superaran a materia no mes de xuño, serán avaliados mediante un exame de carácter teórico-práctico sobre os contidos da programación e seguindo os criterios da avaliación, expostos neste epígrafe, e mediante os instrumentos que se describen na presente programación.



DEPARTAMENTO DE CANTO
ESPECIALIDADE CANTO

**MATERIA: LINGUAS EXTRANXEIRAS APLICADAS O CANTO:
ITALIANO, ALEMÁN, FRANCÉS E INGLÉS**

Instrumentos de avaliación.

- A avaliación dos contidos prácticos da materia farase mediante a observación do alumno na execución dos exercicios practicados nas clases, tendo en conta a súa evolución amosada ó longo do curso, ou ben dos exercicios executados nas pertinentes probas explicadas máis arriba para os casos de perda de avaliación continua e os exames de setembro.
- A avaliación da asimilación dos conceptos teóricos farase mediante a realización dunha proba escrita.

A avaliación farase mediante a seguintes **actividades**:

- **Interpretar** de memoria calquera das obras, no idioma en cuestión, traballadas no curso, valorando a corrección fonética.
- **Ler** a primeira vista pronunciando correctamente e con fluidez calquera texto de dificultade media, valorando a exactitude en canto a articulación, acentuación das palabras, entoación da frase e comprensión xeral.
- **Memorizar** textos, valorando a capacidade de comprensión.
- **Transcribir** fonéticamente textos e dictados de dificultade alta, para valorar os coñecementos fonéticos da lingua.
- **Crear** contidos orais e escritos (conversacións, redaccións), valorando o nivel de comprensión da lingua.
- **Traducir** con axuda do diccionario un texto dunha obra musical de alta dificultade, valorando a independencia adquirida na comprensión do idioma.